CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Elaborar paso a paso un rexistro das dificultades de aprendizaxe coma o mellor instrumento para autoavaliarse e aprender a resolver autónomamente as dificultades ou puntos débiles da súa aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Aprender a respectar as diferentes linguas e culturas, rexeitando discriminacións e prexuízos para facilitar a comunicación.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a diversidade lingüística e cultural coma un dereito humano, como o único camiño efectivo hacia un mundo igualitario e democrático.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Colaborar na defensa da diversidade lingüística das distintas sociedades respectando os principios de igualdade e xustiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Unit 6 Watch, listen, play	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Contestar preguntas, escolla multiple ou verdadeiro/falso sobre un texto. Facer un resumo.	PE	54

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Ser quen de comprender diferentes tipos de textos e identificar as súas características.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Comprender o sentido xeral e os detalles máis importantes dun texto e identificar información veraz.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos correctos con coherencia e cohesión, seguindo as estruturas dos distintos tipos de texto, sobre temas cotiáns; adaptando a información recollida ó seu nivel - non valen copia/pega.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aprender a utilizar as estratexias máis axeitadas para elaborar textos correctos adaptados ó tipo de texto e ós interlocutores.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Aprender a utilizar as estratexias máis axeitadas para elaborar textos correctos adaptados ó tipo de texto e ós interlocutores.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Facer presentacións de proxectos cunha linguaxe axeitada ó nivel propio e dos compañeiros de xeito que se produza unha comunicación efectiva.	TI	46

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Aprender a facer unha mediación efectiva.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Facer comunicacións breves axeitadas ó nivel de todos os interlocutores, amosando empatía polas distintas necesidades dos mesmos.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Comprender as similitudes entre as linguas maternas e a estraxeira para comprender o seu funcionamento.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Utilizar a comparación entre as distintas linguas como instrumento efectivo para aprender o seu funcionamento.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Incorporar novas estratexias de aprendizaxe en colaboración cos compañeiros/as, utilizando os soportes ó seu dispor.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Elaborar paso a paso un rexistro das dificultades de aprendizaxe coma o mellor instrumento para autoavaliarse e aprender a resolver autónomamente as dificultades ou puntos débiles da súa aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Aprender a respectar as diferentes linguas e culturas, rexeitando discriminacións e prexuízos para facilitar a comunicación.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar a diversidade lingüística e cultural coma un dereito humano, como o único camiño efectivo hacia un mundo igualitario e democrático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Colaborar na defensa da diversidade lingüística das distintas sociedades respectando os principios de igualdade e xustiza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o

Contidos

- repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No primeiro ciclo da ESO fai xa bastantes anos que decidimos que as competencias de comunicación oral tiñan que ser as predominantes, aínda que a subida da ratio a 30 alumnos fai imposible o proxecto e incluso o traballo do lector. Non é posible facer clases prácticas con mais de 20-22 alumnos con bo comportamento. Podemos facer que lean, corrixis exercicios oralmente e facer preguntas, pero non se pode establecer unha conversación e menos organizar conversacións por grupos, porque o ruído impedirá o entendemento. Necesitaríamos ter horas para desdobrar os grupos grandes unha vez á semana, como se fixo hai tempo, para lograr unha clase práctica de verdade.

O enfoque, polo tanto, ten que ser comunicativo, adecuado ós obxectivos e competencias propostos na Lomloe e ás necesidades concretas de cada grupo ou alumno.

Fai anos que dixemos na programación que, tendo en conta os extraordinarios materiais que nos ofrecen as editoriais, a decisión fundamental podería considerarse a elección do libro de texto, imprescindible nestes niveis. Estes ofrécennos materiais audiovisuais, lecturas con vocabulario específico temático, práctica do vocabulario; presentación de estruturas gramaticais e exercicios de práctica das mesmas; presentación dun tema para listening e exercicios de listening adecuados a cada nivel; e exemplos de writings de distintos documentos: emails, narracións, descrições, etc.¿, e propostas de escritos guiados- para que os alumnos poidan empezar a redactar e ir avanzando gradualmente. Finalmente, todas as unidades inclúen unha lectura sobre temas diversos CLIL, que, aparte de supor un afianzamento de todo o estudiado anteriormente, contribúe á consecución dos obxectivos e competencias clave, xa que os temas diversos refírense a culturas, ciencia, saúde, temas sociais, etc¿

Ademais, os alumnos teñen acceso a materiais online ¿lecturas, podcasts, xogos, WBs, ..- que lles ofrecen a oportunidade de practicar, afianzar e ampliar os seus coñecementos ata onde cada un queira, ou repasar aqueles contidos nos que teñan máis problemas. Isto, xunto cos proxectos e presentación sobre aspectos da vida cotiá, son a máis potente ferramenta de atención á diversidade.

Dentro da contribución ó ¿proxecto lector¿, e como ferramenta básica na aprendizaxe de calquera lingua, a utilización de libros de lectura adaptados deberían ter un papel fundamental- dependendo da dispoñibilidade de tempo, nivel do grupo, nivel individual dos alumnos e actitude.

Finalmente, están os proxectos, que, en función das posibilidades segundo o número de alumnos, nivel do grupo, comportamento, e dispoñibilidade de Internet na casa ou no instituto- ás veces é difícil conseguila-, adoitamos facer. Os proxectos son sempre interdisciplinares, xa que o tema sempre abrangue o contido de outras asignaturas,. Son colaborativos, porque normalmente fanse en grupo, traballan a CD, porque se busca información en Internet e estruturase nunha presentación, buscan os contidos e adáptano ao nivel- CPSAA, CP, CCL-, teñen que tomar decisións e organizar o material- CE-, tratan temas variados ¿afeccións, entorno, ciencia, arte, natureza, etc.. polo que son

probablemente o máis completa actividade para desenvolver tódalas competencias á vez.

A -Metodoloxía didáctica.

Dependendo da ratio e características de cada grupo, que son fundamentais para poder poñer en práctica unha metodoloxía activa e participativa, propómonos os seguintes retos:¿

-Utilización do inglés coma lingua vehicular na aula.¿

-Participación continua dos alumnos na clase, de xeito que non teñan tempo de distraerse e, mellorando a participación, logren un mellor rendemento e motivación.

-Aceptación do erro coma parte da didáctica, de maneira que os alumnos non se sintan coartados á hora de expresarse, e se decaten de que aprender é practicar, tratando de darse conta dos erros, e ilos superando pouco a pouco.

-Utilización do material multimedia, páxinas web das editoriais, vídeo, pizarra dixital, wbs dixitais, para realizar unha gama variada de actividades que resulten motivadoras e atractivas para os rapaces.¿

-Fomentar a lectura, coma o mellor método de aprendizaxe do vocabulario.

-Mellorar a CCL mediante a utilización da maior parte do material do que dispomos, por a súa disposición o lector/a todo o tempo posible, as novas tecnoloxías e clases dinámicas.

-Fomentar a autonomía na aprendizaxe, mediante a utilización dos materiais a súa disposición, para resolver os problemas que lles xordan durante a realización de traballos e exercicios.

-Fomentar o traballo en grupo e o uso das TICs, mediante a realización de proxectos en grupo. Procurarase que desenvolvan a súa Competencia Dixital tanto mediante a búsqueda de contidos en Internet, como para presentalos á clase.

A partir de aquí, cada profesor imprimirá o seu especial carácter, habilidades, gustos, empatía, etc., que non significa habitualmente unha diferenza de logro apreciable de un grupo a outro.

Para rematar, aínda que os nosos alumnos veñen moitas veces de lonxe, polo que pasan fora da casa moito tempo, unha carga razoable de tarefas para a casa, parécenos fundamental, porque é o momento para enfrontarse sos ós contidos e a produción de textos propios, a reflexión e comprensión das estruturas presentadas na clase; e ser capaces de avaliar se son quen ou non de aplicar o aprendido, e ver na seguinte clase cal é o seu grao de comprensión e a súa capacidade de utilización do mesmo.

Propomos, polo tanto, un enfoque comunicativo que integra unha serie de actividades de comprensión e produción de textos orais e escritos, e unha contribución ás competencias clave ¿ que sempre se fixo, aínda que non se nomearan-, adaptados progresivamente á filosofía da LOMLOE. Unha tendencia que xa se viña producindo na continua innovación educativa na que o ensino do inglés sempre foi pioneiro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Utilizaremos o libro de texto Options 3, da editorial Burlington.

O WB no o terán que comprar, pero poderemos utilizalo na clase como repaso e reforzo.

Libros de lectura nivel A2 ou B1, según o nivel do alumnado.

Recursos:

Dispoñemos de pizarras dixitais en tódalas aulas, 2 aulas de informática con 30 postos e unha pequena radio, na que podemos gravar podcasts, ou outros traballos orais.

Temos unha pequena biblioteca de departamento e facilidades para facer traballos e presentacións na biblioteca do instituto.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial basearase tanto na observación dos alumnos nas primeiras semanas de clase e/ou un exame, coma nas aportacións dos profesores, que nos darán información fundamental sobre nivel, attitude, aptitude e entorno social e familiar do alumno; ademais da memoria do curso anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	16	16	16	16	16	16	100
Proba escrita	20	44	50	34	34	54	54	44
Táboa de indicadores	80	56	50	66	66	46	46	56

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, coincidindo a terceira coa final.

Instrumentos de avaliación:

-Polo menos 1 exame por trimestre- previamente anunciado- que inclúa vocabulario, gramática, reading, writing e listening- estas dúas últimas partes poderían ser en días aparte, sen previo aviso, xa que son exercicios prácticos que non se estudian, senón que dependen do traballo diario na clase e na casa-.

Os libros de lectura poderán avaliarse mediante preguntas multiple choice, ou fill the gap, describe a character, plot, match the word with the definition, etc. É dicir, mediante exames ou redaccións, multiple choice tests, vocabulario observación sistemática, análise de producións ou exames.

O speaking avaliarase mediante a observación do uso do Inglés coma lingua vehicular na clase, pola participación nas clases e coa lectora, tendo en conta a capacidade para falar de temas cotiás, culturais e do libro de texto. Ademais, haberá varias presentacións de proxectos realizadas na clase.. Valorarase a capacidade de comunicación máis que a corrección gramatical, que tamén se terá en conta, por suposto. O traballo de clase avaliarase por OS, mentras que as presentacións, proxectos e redaccións avaliaranse mediante rúbricas.

Para completar a nota, valorarase calquera exercicio recollido dos realizados durante a clase ou traballo realizado polo alumno na casa e todos os aspectos que poidan axudar ao profesor a alcanzar unha valoración o máis xusta e obxectiva posible dos méritos do alumno. Esta valoración será responsabilidade exclusiva do profesor do grupo.

Avaliar: % Instrumentos de avaliación Procedimentos de avaliación

Listening: 20% Probas obxectivas/interacción na clase (O.S)

Exames: 50% Probas obxectivas

Speaking: 20% Comunicación oral na clase e presentacións OS e rúbrica de presentacións (AP).

Writings, Homework activities, WB, traballo na clase: 10% AP/rúbricas de writing e observación sistemática

Clave: OS:observación sistemática/AP: análise de producións

***Tendo en conta que o inglés é unha materia práctica, onde os contidos se seguen utilizando sempre e os obxectivos son unha meta a acadar ó final do curso, carece de sentido aplicar unha porcentaxe ós instrumentos de avaliación de cada unidade na nota final polo que propomos ó seguinte:

Para acadar o aprobado en cada avaliación, o estudante deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10, tras sumar as cualificacións de tódolos CA, a través dos contidos correspondentes avaliados cos instrumentos que consideremos

mais axeitados durante este período.

A maioría dos CA e contidos avalíanse ó longo de todo o curso, repetidamente; polo tanto, a nota final será a da última avaliación, que indica a progresión e o nivel de consecución acadado en cada obxectivo a través dos CA e contidos..

A nota final será a suma das notas de tódolos CA coa súa ponderación correspondente.

Criterios de recuperación:

Seguindo o principio da avaliación continua, e tendo en conta que é unha asignatura práctica onde todo se segue utilizando sempre, non haberá recuperacións parciais.

De non acadar 5 puntos na terceira avaliación, poderán facer un exame extra para tratar de acadar o aprobado na avaliación final.

Sen embargo, tendo en conta que é unha asignatura práctica e que todo segue entrando sempre, aínda que non se avalíe especificamente, animarase ós alumnos a que vaian recuperando as partes suspensas mediante a mellora do seu nivel de comprensión e expresión ao longo do curso: PROGRESIÓN POSITIVA. Non vemos posible que un alumno recupere nun exame toda a materia dun curso, sobre todo tendo en conta que non hai tempo para preparar nada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos que teñan a materia pedente do curso anterior, recuperarán a esta materia mediante o aprobado das dúas primeiras avaliacións do presente curso. Tamén abrobarán se aproban o curso actual.

É un xeito de motivalos para que se poñan ó día e saquen os dous cursos á vez.

Está demostrado, pola experiencia de moitos anos, que o examen de recuperación de pendentes de todo o curso fracasa case totalmente. Darlles material aparte para reforzar tampouco é efectivo, xa que a maioría non o fan ou copiano, polo cual non serve de nada.

6. Medidas de atención á diversidade

Xa explicado en Metodoloxía:

- Exercicios adaptados ós distintos niveis.
- Proxectos e presentacións axeitados ós distintos niveis.
- Libros de lecturas adaptados ós distintos niveis.
- Exames con preguntas de diferente dificultade, de xeito que aprobar é doado e obter sobresaínte é difícil.

Ademáis, ofrécense materiais bilingües de cursos anteriores - traducción de frases de repaso - que lles axude a comprender e automatizar as estruturas e o vocabulario básicos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Sustainable ecosystems	X						
ET.2 - Delitos e historias		X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Halloween.		X					
ET.4 - Igualdade			X				
ET.5 - Healthy lives for everybody				X			
ET.6 - A paz.					X		
ET.7 - Consumo saudable						X	
ET.8 - Proxecto fin de curso						X	

Observacións:

1-Nomes de animais e vocabulario relacionado coa descripción dos mesmos.
 Descripción do animal favorito - real ou inventado.

Ecosistemas sostibles: bosques, como deter a biodegradación e mesmo reparala.
 As tres Rs.

2-Tipos de delitos e delincuentes: nomes e descripción de características.
 Xogo: un estudante explica un delito e os demais teñen que adiviñar qué delito e delincuente é.

-Como promover a xustiza en sociedades inclusivas. Elementos da xustiza social.

3-Historia de Halloween e comparación con festas locais,

4-Presentación da idea e vocabulario. Os alumnos falarán dos roles de homes e mulleres - especialmente fillos e fillas - nas súas casas ou no seu ambiente familiar e social.
 -Como promover empregos decentes nunha economía sostible con trato non discriminatorio.

5-Principais elementos que constitúen unha vida sana e o benestar individual e social.
 -Traballo, protección social e felicidade.
 -Como levar unha vida saudable: alimentación, exercicio e relacións sociais.

6-Cancións relacionadas coa paz.
 Mensaxes.
 Relación coa situación actual.

7-Consumo sostible. Análise do consumo actual. Cousas que consumimos en exceso ou non necesitamos.
 Como acadar un consumo sostible.

8-Os alumnos mais avanzados, que aproban o curso na 3º avaliación, elaborarán un proxecto a definir no su momento, que lles suporá a posibilidade de subir ata un punto a nota final.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Cinema Days	películas baseadas en libros.

Actividade	Descrición
Proxecto lector	Lecturas graduadas
Commemoración datas	Temas de desenvolvemento valores.
Actividades multiculturais	cultura países anglofalantes
Blog	Inclusión de traballos no blog do departamento

Observacións:

1-Lectura de libros e actividades relacionadas: Entorno sociopolítico, autor, ...
Actividades posteriores á lectura do libro e visionado da película.

2-Lecturas graduadas, colectivas ou individuais - atención á diversidade -.

3-Participación en actividades do centro ou traballos/proxectos con lector.

4-Actividades co lector.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Observación diaria do grao de comprensión das explicacións, lecturas e interaccións na clase.
Observación diaria de que comprenden os exercicios repetitivos, comprobando que comprenden o que din.
Observación do grao de utilización da lingua de xeito mecánico e repetitivo ou/e grao de improvisación
Corrección de escritos diversos, que nos darán o nivel de coñecemento/denvolvemento do uso da lingua.
Elaboración e exposición de presentacións ó nivel axeitado a cada alumno, que nos darán unha idea crara do avance de cada estudante.
Conversacións entre profesores do mesmo nivel sobre a marcha do curso: nivel, problemas, solucións.
Análise nas reunións de departamento e propostas de adaptación da programación ás necesidades dos estudantes.
Conversacións cos alumnos sobre o método de aprendizaxe, as fortalezas e debilidades ou problemas.
Aceptación de propostas por parte dos alumnos, sempre que non signifiquen facilitarlles excesivamente o aprobado.
Análise das memorias finais dos cursos anteriores para ver cales son os problemas habituais e propor solucións.

Descrición:

Nas reunións periódicas de docentes do departamento, analizarase o funcionamento das actividades e o progreso no desenvolvemento da materia e os resultados. En función do resultado desas análises, faremos as modificación necesarias para mellorar a práctica docente e os resultados na aprendizaxe.

Tamén se pode argallar unha enquisa sinxela sobre o funcionamento do método, do tipo: ¿Qué actividades che

resultan mais motivadoras/che gustan mais? / ¿Con qué actividades aprendes mais? / ¿Qué actividades che gustaría facer ? , etc.. Pero non aportaría nada que non se observe no día a día na aula, ou non se aprenda falando cos estudantes.

**En todo caso, hai unha excesiva dependencia dos exames para aprobar ou sacar nota, o que fai moi complicado que moitos dos estudantes comprendan que a única forma efectiva de aprendizaxe é a atención e participación diaria na clase e a realización de todos os traballos que se lles encomendan, que tampouco son moitos. De feito, non sería necesario porlles deberes si a participación fose contínua e masiva; pero iso é unha utopía.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Incluído no apartado anterior.

9. Outros apartados